

Informe Cuadrimestral nº 56 (xaneiro-abril 2023)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de xaneiro a abril de 2023 relacionados coa ETSE. Neste período celebráronse dúas Xuntas de Escola extraordinarias o 17 de xaneiro e o 18 de abril de 2023 e unha ordinaria o 7 de febreiro de 2023

Persoal

10 de xaneiro. Toma de posesión como Profesora Titular de Universidade da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores de Natalia Seoane Iglesias.

6 de febreiro. Daniel José Franco Ruiz asinou un contrato como profesor permanente laboral, con dedicación a tempo completo, da área de coñecemento de enxeñaría química.

6 de febreiro. Xunta de Escola na que se procede á elección da Dirección da ETSE sendo proclamada candidata electa e proposto o seu nomeamento Dna. Julia González Álvarez.

9 de febreiro. Proposta de nomeamento como Secretaria da Escola de Nelly Condori Fernández e como subdirectores de Óscar Rodríguez Figueiras e Juan Carlos Vidal Aguiar.

14 de febreiro. Cese como posto base na Unidade de Xestión de José Fernando López Díaz.

15 de febreiro. Toma de posesión como posto base na Unidade de Xestión de Dna. Begoña Sánchez Blanco.

19 de marzo. Efrén Rama Maneiro asinou un contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial, cesando no contrato que viña desempeñando como profesor substituto.

19 de marzo. Marcos Fernández Pichel asinou un contrato como profesor axudante doutor, con dedicación a tempo completo, da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial cesando no seu contrato como profesor substituto.

1 de abril. Incorporación como auxiliar de biblioteca en quenda de tarde de Cristina Villar Lemos en substitución de Rosa Babarro Carpenente.

10 de abril. Acto de toma de posesión da Sra. directora da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, dona Julia González Álvarez, no Salón de Actos da ETSE.

16 de abril. Cese do profesor substituto, Julián García Fernández da área de coñecemento de arquitectura e tecnoloxía de computadores.

17 de abril. César Alfredo Piñeiro Pomar asinou un contrato como Profesor Axudante Doutor da área de coñecemento de arquitectura e tecnoloxía de computadores.

Asuntos académicos

8 de xaneiro. Publicación da convocatoria de cambio de grupo de docencia interactivas para o estudiantado das titulacións de grao, para as materias do segundo cuatrimestre, curso 2023-24.

11 de xaneiro. Defensa da tese de Daniel Granadero Rey, Definindo a planta de pintura de vehículos máis ecoeficiente considerando o impacto das emisións de formaldehído, Dirección Francisco Omil Prieto e Gumersindo Feijoo Costa.

6 de febreiro. Defensa de TFM do Máster en Visión por Computador.

6 de febreiro. Convocatoria de prácticas en empresa do Máster en Computación de Altas Prestacións.

14 de febreiro. Convocatoria de prácticas en empresa do Máster en Visión por Computador.

15 de febreiro. Defensa de TFM do Máster de Enxeñaría Química e Bioprocesos.

15 de febreiro. Asignación de prazas Erasmus curso 2024-25.

15 e 16 de febreiro. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Informática.

20 de febreiro. Asignación definitiva das prazas de prácticas das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Grao en Enxeñaría Informática.

21 de febreiro. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química.

21 de febreiro. Defensa de TFM do Máster en Intelixencia Artificial.

26 de febreiro. Convocatoria do Premio Beatrice Alice Hicks 2023-24, ao alumnado da ETSE máis comprometido na participación universitaria. Concesión do premio o día 10 de abril ao estudante Dario Senín Sotelo.

27 de febreiro e 1 de marzo. Defensa de TFM do Máster en Enxeñaría Ambiental.

29 de febreiro. Asignación definitiva das prazas de prácticas en empresa do Máster en Computación de Altas Prestacións.

1 de marzo. Acto de Graduación 10ª Promoción do Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos (2022-2024). Héctor Rodríguez Martínez, padriño da promoción.

7 de marzo. Xornada "El poder transformador de la IA en la actividad empresarial". Mesa redonda sobre o estado da IA na empresa, casos de uso en sectores tradicionais e novas oportunidades de negocio. Organizada polos docentes da materia "Xestión de organización" de primeiro curso do Grao en Intelixencia Artificial.

Contido e ponentes:

-“Contextualización de la IA, casos de uso según cada especialidad”. Juan Martínez Neira, director de desarrollo de Plexus

-“Casos aplicados a empresas de la economía tradicional”, Toño Sartal, CEO de Triplealpha

-“La perspectiva de una empresa en la nueva economía: el papel que juega y los retos que plantea la IA”. Santi Domínguez, CEO de Mestrelab Research

-Loreto Fernández Fernández

-Leoncio Touceda Taboada

-Manuel Rieiro García

13-14 de marzo. Visita da delegación IChemE para a acreditacións do Grao en Enxeñaría Química e do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

27 de marzo. Asignación definitiva das prácticas en empresa do Máster en Visión por Computador.

1 de abril. Convocatorias de prácticas en empresa das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Grao en Enxeñaría Informática.

4 de abril. Asignación de prazas Sicue, curso 2024-25.

11 de abril. Día da Escola:

- Apertura do acto D. Gumersindo Feijoo Costa, Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela
- Intervención de Dona Julia González Álvarez, Directora da ETSE
- Memoria de Actividades da Escola no curso 2022-23 Dona Nelly Condory Fernández, Secretaria da ETSE
- Entrega de Premios • Extraordinarios Fin de Carreira • Mellores Expedientes • Mellores TFG e TFM • Calidade Lingüística de TFG e TFM
- Ponencia “Bioetanol: perspectivas de futuro” D. Noé Pestonit Freire. Director de planta en Vertex Bioenergy - Bioetanol Galicia
- Entrega de Premios • Leonardo á Docencia e á Investigación • Beatrice Alice Hicks ao alumnado máis comprometido coa participación Universitaria. • Altia ao mellor TFG no Grao en Enxeñaría Informática • Cátedra Institucional de Transición Enerxética Genesal Energy da USC aos mellores TFG e TFM sobre transición enerxética • ViAQUA ao mellor TFM no Máster en Enxeñaría Ambiental • DXC ao mellor TFM no Máster en Tecnoloxías de Análise de Masivos: Big Data
- Clausura do acto D. Gumersindo Feijoo Costa, Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela

18 de abril. Entrega dos premios a calidade lingüística de traballos do curso 2022-23. Na área de Enxeñaría e Arquitectura Antonio Moscoso Sánchez recolleu o premio polo seu TFG “*Elaboración de novos modelos de síntese de voz para o*

idioma galego empregando técnicas de deep-learning". O xurado decidiu tamén outorgar unha mención a *"Mellora dunha contorna de desenvolvemento de aplicacións HPC-Big Data mediante a integración do sistema HDFS"*, de Andrea Solla Alfonsín.

En Enxeñaría e Arquitectura gañou o TFM *"Análise tecno-económica da purificación de ácidos graxos volátiles obtidos de correntes residuais"*, de Hugo Quintana Álvarez.

25 de abril. ZARA HACKATON NA ETSE Organizado por Inditex, Alberto Bugarín Diz, Jorge Alberto Suárez Garea e Juan Carlos Vidal Aguiar. Retos: Desenvolvemento de software, Ciencia de Datos, Ciberseguridade.

Actividades

30 de xaneiro ao 2 de febreiro. Econtros dentro do programa A Ponte.

8 de febreiro. Charla "Tecnoloxías da fala e da linguaxe en Balidea", a cargo de Andrés Piñeiro Martín, do equipo de I+D+i de Balidea Consulting and Programming.

15 de febreiro. Charla "Casos de uso y proyectos de IA en DATALife Galician Digital Innovation Hub (DIH)", a cargo de Lucía Castro Díaz, Xerente de DATALife, Digital Innovation Hub.

16 de febreiro. Auditoría interna do sistema de xestión de Seguridade e Saúde na ETSE (norma ISO 45001), organizada polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

5 de marzo. Acto inaugural das Xornadas de Convivencia e Formación Universitaria a cargo da Vicerreitora de Estudantes e Cultura Pilar Murias e coa participación de Julia González Álvarez, Directora da ETSE, Antía Vilas secretaria do Consello de Estudantado, Diego López coordinador das Xornadas e Belén Caballo responsable académica da iniciativa.

8 de marzo. Lectura a cargo da Directora da ETSE do Manifesto 8M-RUIGEU e foto para o AlbumMulleresUSC2024. Organizado pola Comisión de Igualdade.

14 de marzo. II Foro de Ingenieras. Organizado por ISA-USC.

21 de marzo. A federación de asociacións Enxeñaría sen Fronteiras ofreceu o obradoiro 'Tecnoloxías participativas e de baixo custo nos proxectos de cooperación, para asegurar o dereito á auga'.

22 e 26 de marzo. Encontros Virtuais co alumnado de bacharelato. Participación en sesión de videoconferencia dos coordinadores de titulación.

4 de abril. Charla "Proyectos de IA en Mestrelab Research", a cargo de Santiago Domínguez, CEO e Fundador de Mestrelab Research.

8 de abril. Presentación dos títulos de Grao da ETSE ao alumnado do IES Campo de San Alberto (Noia) a cargo dos coordinadores dos títulos.

11 e 12 de abril. Auditoría externa do sistema de xestión de Seguridade e Saúde na ETSE (norma ISO 45001) a cargo de AUNOR.

12 de abril. Concurso Universitario de Programación AdaByron - III Edición - Rexional Galicia. Multisede entre UdC, UVigo e USC en Emprendia.

22 a 25 de abril. Xornadas Deportivas e Dinamizadoras ETSE 2024 desenvolveranse dirixidas ao conxunto da comunidade universitaria cunha serie de torneos e actividades sobre xadrez, fútbol 7, baloncesto 3x3, petanca, Super Smash Bros. e Mario Kart Wii. Actividade promovida pola Representación do Estudantado da ETSE. Os premios en cada unha das categorías entregáronse nunha gala o xoves 25 no Salón de Actos da ETSE.

25 de abril. Workshop Inditex Tech - Emprendia

Aula Profesional

31 de xaneiro. Xornada de Investigación en Enxeñaría Química. Organizado por Héctor Rodríguez Martínez, Coordinador do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

Febreiro. “Queres ser investigador/a? Vive a investigación”. Actividade para todo o segundo cuatrimestre organizada por Juan M. Garrido Fernández e Julia González Álvarez.

15 de febreiro. Presentación do “Club de Lectura ETSE Enxeñaría e Xénero”. Organizado pola Comisión de Igualdade.

22 de abril. Primeira sesión do Club de Lectura para debater sobre o libro “Mr. Internet” da doutora en Informática e Modelización Matemática Marta Beltrán, contando coa súa presenza e participación.

21 de marzo. “Transformación digital, datos e intelixencia artificial en el sector industrial y en la ingeniería química”. Impartido por D. Manuel Pardavila. Enxeñeiro Químico pola USC e actualmente Director Business Strategy Consulting North America en Microsoft. Organizado por Almudena Hospido Quintana.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Trabalho Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

TASGA RENOVABLES	Máster en Enxeñaría Ambiental
QUBIOTECH	Máster en Visión por Computador
CIMUS	Máster en Visión por Computador
ALDABA	Titulacións da área de Informática
EMETEL SISTEMAS	Titulacións da área de Informática
ADOLFO DOMÍNGUEZ	Todas as titulacións da USC
EMBERIZA MEDIOAMBIENTE	Todas as titulacións da USC
IMPROSEC	Todas as titulacións da USC
GI-2202 SystemsChem	Grao en Enxeñaría Química

Visitas a empresas

28 de febreiro. Visita técnica do primeiro curso do Grao en Intelixencia Artificial ao Centro de Intelixencia de Negocio (CEIN) da empresa DXC Technology.

14 de marzo. Visita técnica do segundo curso de Grao en Intelixencia Artificial ao Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA. Organizada polos profesores Pablo Quesada Barriuso e Javier López Fandiño.

15 de marzo. Visita a Sogama (Cerdeira) do estudantado de “Xestión e Tratamento de Residuos” do Máster en Enxeñaría Ambiental coa profesora M^a Teresa Barral Silva.

26 de abril. Visita a EDAR de Guillarei do estudantado de “Ecoprocesos para o tratamento de Augas” e “Tecnoloxías innovadoras” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos cos profesores Juan M. Garrido Fernández e Anuska Mosquera Corral.

5 e 12 de abril. Visita a Actega Artística (Porriño) do estudantado da materia “Transmisión de Calor” de Grao en Enxeñaría Química, cos profesores M^a Sonia Freire Leira e Óscar Rodríguez Figueiras.

18 de abril. Visita a Inditex (Arteixo) do estudiantado de “Algoritmos Básicos de IA” do Grao en Intelixencia Artificial cos profesores Alberto Bugarín Diz e Alejandro Catalá Bolos.